

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 30 DE SETEMBRO DE 2021

Ás 10:00 horas do día 30 de setembro de 2021, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 27 de setembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidenta:** D<sup>a</sup>. Patricia Rodríguez Calviño

**Vocais:** D<sup>a</sup>. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica  
D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral  
D<sup>a</sup>. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno  
D. Antonio Vivero Mijares, xefe da Área de Seguridade e Mobilidade (asiste aos puntos 1 e 11)  
D. Antonio Villanueva Guimeráns, xefe do Servizo de Administración Electrónica (asiste aos puntos 5 e 13)  
D<sup>a</sup>. Ruth María Santos Gallego, suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario (asiste aos puntos 7, 8, 9a, 9b, 10a e 10b)  
D. Ignacio Ojea Pérez, técnico de Actividades Culturais e Educativas (asiste aos puntos 9c e 10c)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

### 1.- Incidencias

#### **a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de chalecos antibala para a Policía local (71.430-212)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores presentados a esta licitación.

A continuación, dáse conta do escrito de alegacións presentado o 20 de setembro de 2021 por USIS GUIRAO, S.L. (documento nº 210190599) contra o acordo de exclusión deste procedemento.

Así mesmo, comunícase que con data do 29 de setembro de 2021 o xefe da Área de Seguridade e Mobilidade informou, a pedimento do Servizo de Contratación, as alegacións presentadas.



En base ao anterior a Mesa acorda, por unanimidade, dar traslado do referido informe a USIS GUIRAO, S.L.

## 5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

### a) Procedemento aberto para a contratación de servizos de desenvolvemento dun modelo de presentación de información baseado en sistemas GIS 3D así como a subministración das correspondentes licenzas (9.308-113)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo técnico responsable de Modernización e Innovación e o xefe do Servizo de Administración Electrónica o 27 de setembro de 2021 de valoración do sobre B "*proposición avaliábel mediante xuízo de valor*".

A Mesa acepta o referido informe e acorda, por unanimidade, excluír deste procedemento aos dous licitadores presentados polos seguintes motivos:

- EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS, S.L.: por non acadar a súa proposición avaliábel mediante xuízo de valor o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares (15 puntos).
- ESRI ESPAÑA SOLUCIONES GEOESPACIALES, S.L.: por incluír no sobre B información relativa aos criterios avaliábeis a través de fórmula (motivo de exclusión recollido na cláusula 14.2B "*A incorporación a este sobre de información relativa aos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 7.B da FEC*").

Acto seguido publícase o informe no perfil de contratante.

## 7.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

### a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Mellora e acondicionamento do entorno do Torreiro de Santo André de Valadares (O Adro)" (884-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento do 20 de setembro de 2021, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. por



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:37	Páxina 2 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAA43-C6DF22-CF3B3D-T1FL4K-V9MX28-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



canto a súa oferta está incurso en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

## 8.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

### a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da praza Francisco Fernández del Riego" (894-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación, lembra que o 16 de setembro de 2021, en cumprimento do acordado na sesión do mesmo día, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.

Durante o prazo concedido, o licitador presentou documentación da que se deu traslado ao servizo xestor.

O 21 de setembro de 2021 a enxeñeira industrial e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento emitiron informe sobre a xustificación presentada no que conclúen que *"Non se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 149 da Lei de Contratos do Sector Público para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato"*.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer ao órgano de contratación a exclusión deste procedemento de PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L. por entender que a súa oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais.

## 9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

### a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da praza Francisco Fernández del Riego" (894-441)

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento do 21 de setembro de 2021 de valoración do sobre C *"proposición evaluable mediante fórmula"* coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

### b) Procedemento aberto e tramitación ordinaria, das obras do proxecto de "mellora das instalación do túnel de Beiramar" (904-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:37	Páxina 3 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAA43-C6DF22-CF3B3D-T1FL4K-V9MX28-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento do 23 de setembro de 2021 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

**c) Procedemento aberto de servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal de Atalaia-Teis (24.897-332)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo técnico de Actividades Culturais e Educativas e a xefa do Servizo de Educación o 24 e 27 de setembro de 2021 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

**10.- Propostas de clasificación/clasificación**

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da praza Francisco Fernández del Riego" (894-441)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

Primeiro.- Excluir deste procedemento a PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados sen que se cumpran os requisitos para considerala xustificada, consonte o informe asinado o 21 de setembro de 2021 pola enxeñeira industrial e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da praza Francisco Fernández del Riego" (894-441) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	96,25
2	ORECO, S.A.U.	96,06
3	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	93,83
4	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	91,97
5	UTE CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) - CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	85,15

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L.U. (B-36.684.157), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:37	Páxina 4 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAA43-C6DF22-CF3B3D-T1FL4K-V9MX28-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**b) Procedemento aberto e tramitación ordinaria, das obras do proxecto de “mellora das instalación do túnel de Beiramar” (904-441)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “mellora das instalación do túnel de Beiramar” (904-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	UTE IMESAPI, S.A. – EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL, S.A. (ESYCSA)	89,09
2	UTE SIELVIGO – ALUVISA	87,45
3	GRUPO RENDER INDUSTRIAL, S.L.	81,08
4	CONSTRUCTORA SAN JOSE, S. A.	78,46
5	SEGADE SAELCO, S.A.	76,70
6	CONTROL Y MONTAJES INDUSTRIALES CYMI, S.A.	72,53

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE IMESAPI, S.A. – EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL, S.A. (ESYCSA) (A-28010478 e A-15.032.725, respectivamente), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**c) Procedemento aberto de servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal de Atalaia-Teis (24.897-332)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:37	Páxina 5 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAA43-C6DF22-CF3B3D-T1FL4K-V9MX28-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 23 de setembro de 2021, de MEGADIVER SOCIOEDUCATIVA, S.L. por ter a súa oferta unha calidade técnica inadecuada ao non acadar o umbral mínimo de puntuación do 50 % da puntuación máxima fixada para os criterios de xuízo de valor (apartado 7A.1 do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares) e ser este un motivo de exclusión (“As ofertas con calidade técnica inadecuada serán excluídas do proceso de licitación”).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal de Atalaia-Teis (24.897-332) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	AURORA, PILAR Y ANA, S.L.	88,50
2	COLEGIO LOS MILAGROS, S.L.	83,18
3	ANA NAYA GARCIA, S.L.	82,94

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AURORA, PILAR Y ANA, S.L. (B-15.922.230), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

## 11.- Propostas de adxudicación

### a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de chalecos antibala para a Policía local (71.430-212)

Infórmase que con data do 17 de setembro de 2021 se notificou a GUARDIAN HOMELAND SECURITY S.A. o acordo de clasificación co requirimento de documentación, que foi presentada o 26 de setembro.

Logo da cualificación da referida documentación a Mesa acorda, por unanimidade, conceder un prazo de tres días a GUARDIAN HOMELAND SECURITY S.A. para que poida emendar a solvencia técnica de acordo coas esixencias recollidas na cláusula 8.5.3º do PCAP (“*Unha relación dos principais subministros ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se ningún dos últimos tres anos acredita subministros ou traballos por importe igual ou superior ao 70% dunha anualidade*”).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:37	Páxina 6 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAA43-C6DF22-CF3B3D-T1FL4K-V9MX28-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



*media do prezo do contrato, excepto no caso de que a duración do contrato sexa inferior a un ano, suposto no que se terá en conta o 70% do prezo do contrato").*

A documentación presentada para acreditar a solvencia técnica é a mesma que xa presentaran o 30 de agosto con motivo da emenda do sobre A e, tal e como se indicou no requirimento do 17 de setembro de 2021, o certificado presentado non inclúe o ano de execución do subministro polo que non permite comprobar a realización de subministros similares nun dos tres últimos anos como esixe a citada cláusula 8.

### 13.- Proposta de declaración de procedementos desertos

**a) Procedemento aberto para a contratación de servizos de desenvolvemento dun modelo de presentación de información baseado en sistemas GIS 3D así como a subministración das correspondentes licenzas (9.308-113)**

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación de servizos de desenvolvemento dun modelo de presentación de información baseado en sistemas GIS 3D así como a subministración das correspondentes licenzas (9.308-113)

#### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Con data do 2 de setembro de 2021 a Xunta de Goberno local aprobou o expediente para a contratación por procedemento aberto de servizos de desenvolvemento dun modelo de presentación de información baseado en sistemas GIS 3D así como a subministración das correspondentes licenzas (9.308-113), xunto cos pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas particulares, a autorización do gasto e a apertura da licitación.

**Segundo.-** Segundo a Plataforma de Contratos do Sector Público e o certificado expedido polo Rexistro Xeral o 22 de setembro de 2021, neste procedemento presentáronse dous licitadores:

1. ESRI ESPAÑA SOLUCIONES GEOESPACIALES, S.L.
2. EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:37	Páxina 7 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAA43-C6DF22-CF3B3D-T1FL4K-V9MX28-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**Terceiro.-** Con data do 23 de setembro de 2021 a Mesa de Contratación admitiu aos dous licitadores presentados por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos e acordou, logo da apertura do sobre B, solicitar informe ao servizo xestor sobre a valoración dos criterios avaliábeis mediante fórmula.

**Cuarto.-** O 30 de setembro de 2021 entrégase o informe asinado polo técnico responsable de Modernización e Innovación e o xefe do Servizo de Administración Electrónica o 27 de setembro de 2021 de valoración do sobre B "*proposición avaliábel mediante xuízo de valor*".

A Mesa acepta o referido informe e acorda, por unanimidade, excluír deste procedemento aos dous licitadores presentados polos seguintes motivos:

- EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS, S.L.: por non acadar a súa proposición avaliábel mediante xuízo de valor o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares (15 puntos).
- ESRI ESPAÑA SOLUCIONES GEOESPACIALES, S.L.: por incluír no sobre B información relativa aos criterios avaliábeis a través de fórmula (motivo de exclusión recollido na cláusula 14.2B "*A incorporación a este sobre de información relativa aos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 7.B da FEC*").

## FUNDAMENTOS JURÍDICOS

**Primeiro.-** A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que os dous licitadores presentados no procedemento foron excluídos da licitación, procede declarar deserto este procedemento.

Á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

*"Declarar deserto o procedemento aberto de servizos de desenvolvemento dun modelo de presentación de información baseado en sistemas GIS 3D así como a subministración das correspondentes licenzas (9.308-113) porque a Mesa de Contratación acordou, na sesión do 30 de setembro de 2021, excluír aos dous licitadores presentados na licitación".*

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:20 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:37	Páxina 8 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAA43-C6DF22-CF3B3D-T1FL4K-V9MX28-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:37	Páxina 9 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAA43-C6DF22-CF3B3D-T1FL4K-V9MX28-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		